

CONTORNAS SEN VIOLENCIA: Realidade ou Mito?

A violencia machista é unha violación dos dereitos humanos a través da violencia que se exerce contra as mulleres como manifestación da discriminación e da situación de desigualdade no marco dun sistema de relacións de poder dos homes sobre as mulleres. Prodúcese por medios físicos, económicos ou psicolóxicos, incluídas as ameazas, as intimidacións e as coaccións, tanto no ámbito público como no privado, e ten como resultado un dano ou un sufrimento físico, sexual, psicolóxico ou emocional.



....E por iso no 25N que conmemoramos o **día contra a violencia machista**, queremos visibilizar todos eses espazos nos que se exercen esas violencias sutís, disimuladas, camufladas que moitas veces non se perciben ou están normalizadas, pero que, sen embargo, non deixan de ser violencias:

- | | |
|--------------------------|----------------------------|
| ➤ Impedir estudar | ➤ Saber ler e/ou poder ler |
| ➤ Traballar fora da casa | ➤ Saír de paseo |
| ➤ Ter amigas | ➤ Ir de viaxe |

Violencias que se exercen ou exerceron na contorna máis próxima, na contorna que se sobreentende segura: A FAMILIA.

Cantas nais e avoas ou, mesmo agora, rapazas recibiron un NON ou non tiveron a oportunidade de estudar ou formarse porque a súa vida estaba destinada a casa e coidado da familia? Cantas mulleres renuncian a súa carreira profesional polo coidado familiar? etc.

Para traballar isto facemos estas dúas tarefas.

TAREFA 1:



Consiste en poñer de manifesto esas violencias facendo un pequeno vídeo gravado co móbil de entre 30-60 segundos, formato TIK-TOK, visualizando testemuños de mulleres da túa contorna que padeceron este tipo de violencia e que logo subiredes.

Guión para o vídeo.

1. **Identificarse** a persoa. Nome e procedencia, se o desexa pode dicir a súa idade. *Exemplo: Son Rosa teño 58 anos e son de Marín*
2. Que expliquen **o seu relato brevemente**. *Exemplo: Na miña casa non había moitos medios e nunca me plantexaron poder estudar pero si o meu irmán, houbéramo gustado estudarpero non o puiden facer.*
3. Como cren que iso lle **afectou na súa vida**. *Exemplo: Non estudar limitoume moito porque non puiden facer algo que me houbera gustado e houbera tido unha mellor vida o ter máis diñeiro e supoño que vivir experiencias novas que deste xeito non disfrutei....*
4. **Consello, moralexa, reflexión....** *Exemplo: Que as rapazas aproveiten moito as oportunidades que teñen, que loiten pola súa independencia .*



IMPORTANTE:

1. Para esta tarefa **E NECESARIA a AUTORIZACIÓN** das persoas que interveñan no vídeo (se facilita modelo adxunto).
2. Cada titor/a ou profesor/a que desenvolva a actividade encargárase de recoller os vídeos e llos entregará nun pen drive a **Mayca Rivas**. No título do arquivo figurará o nome do alumno e curso.
3. A **data máxima para entregar o pen drive é o 17 de novembro**, xa que logo hai que facer a montaxe.

TAREFA 2:

Escoitar a canción de “Días de la semana” dos Pallasos da TV, e logo redactar un pequeno texto de reflexión de entre 1/2 carilla e máximo unha carilla de folio:....Iso xa non existe, seguen sendo as nenas as que fan as tarefas domésticas, etc...podedes incluír fotos, debuxos, emoticonos ou testemuños de xente achegada a vós sobre se coñecían esta canción e se non se decatara do que transmite, etc.

DATA MÁXIMA PARA ENTREGAR O FOLIO OU CUARTILLA O DE 17 DE NOVIEMBRE cos materiais entregados farase un mural (dependendo do número poden ubicarse na aula ou no vestíbulo...)

Enlace para a canción:

<https://www.youtube.com/watch?v=LFSzIBSoWlw>

